REUNIÓN DA COMISIÓN 6.ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Día: 15.02.2018 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 15 de febreiro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

1.1 7537 (10/CPC-000012)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da directora xeral da Axencia Turismo de Galicia, por petición propia, para informar da nova Estratexia de Turismo de Galicia 2020
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 100, do 19.04.2017

Punto 2. Preguntas

2.1 22048 (10/POC-003588)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis
Sobre o impacto económico que tería a renovación da flota pesqueira de altura nos estaleiros galegos e a existencia dunha estratexia por parte da Xunta de Galicia neste sentido
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018

2.2 23013 (10/POC-003801)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis
Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia en relación coas actuacións de mellora levadas a cabo nas prazas de abastos galegas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 246, do 24.01.2018

2.3 23609 (10/POC-003936)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre o prazo de apertura para o albergue de peregrinos e peregrinas de Ourense, a súa accesibilidade e as actuacións que vai levar a cabo Turismo de Galicia para dar a coñecer esta nova infraestrutura
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018

2.4 23917 (10/POC-003977)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do arranxo das deficiencias existentes no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Arzúa

PARLAMENTO
DE GALICIA

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018

2.5 24112 (10/POC-004015)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 6 máis
Sobre a suficiencia das xestións realizadas polo Igape e os demais departamentos da Administración autonómica co Comité de empresa de Maderas Iglesias para garantir a súa viabilidade e o mantemento de todos os seus postos de traballo no concello do Porriño
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 6.ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Cristina Isabel Romero Fernández	P

Vicepresidenta

Sandra Vázquez Domínguez	P

Secretaria

Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Juan José Merlo Lorenzo	EM
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 15.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 7537(10/CPC-000012)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora xeral da Axencia Turismo de Galicia, por petición propia, para informar da nova Estratexia de Turismo de Galicia 2020

Publicación da iniciativa, 100, 19.04.2017

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
04 ABR. 2017
Num. 7537

CEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 4 ABR. 2017
SAÍDA
Num. 485

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia -a petición propia e ante a correspondente Comisión- da directora da Axencia Turismo Galicia para informar "**da nova estratexia de Turismo de Galicia 2020**".

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA · VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA · DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 15.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 15.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 22048(10/POC-003588)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e 3 máis

Sobre o impacto económico que tería a renovación da flota pesqueira de altura nos estaleiros galegos e a existencia dunha estratexia por parte da Xunta de Galicia neste sentido

Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 12:37
Nº Rexistro: 22048
Data envio: 03/01/2018 12:37:11.307

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Alvarez , **José Manuel Pérez Seco**, **María Dolores Toja Suárez** e **Julio Torrado Quintela**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Fai case un ano, nun contexto de dificultades obxectivas para o sector da construción naval civil, os socialistas subscribimos a idea lanzada polo presidente da Cooperativa de Armadores de Vigo (Arvi), no transcurso da presentación das xornadas técnicas da sexta edición de Navalia, para que a renovación da flota galega de altura que faena en caladoiros de terceiros países a través de empresas mixtas, se realizara na medida do posible en estaleiros galegos. Esta proposta foi rexeitada no seu momento polo Partido Popular no Parlamento de Galicia.

As oportunidades de negocio, a pesar dos escasos reflexos da Xunta de Galicia, seguen aí. A Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) ten en carteira proxectos para construír unha decena de buques pesqueiros, na que sería a segunda oleada para a renovación da flota en Vigo despois da anunciada na pasada edición de Conxemar. O montante total de este megaproxecto supera os 100 millóns de euros.

É un feito manifestado en moitas ocasións que a flota viguesa está a perder terreo fronte aos países asiáticos, de forma que xa só representa o 0,5 % das capturas a nivel mundial, e que a media de idade dos buques supera amplamente o trinta anos, polo que é "urxente" abordar a súa renovación para seguir sendo competitivos.

Neste contexto, en tendo en conta as declaracións do conselleiro Francisco Conde subliñando que o futuro do naval pasa pola innovación e pola diversificación, como o único camiño ao éxito, pensamos que é o momento de que a Xunta de Galicia se comprometa con apoio institucional e orzamentario.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 12:37
Nº Rexistro: 22048
Data envio: 03/01/2018 12:37:11.307

Temos que ser conscientes que case a metade dos pesqueiros rexistrados en Galicia superan os 30 anos de antigüidade, que ten de media a flota na Unión Europea. A pesca é o osíxeno dos pequenos estaleiros, que teñen na actualidade ao menos quince pesqueiros en carteira, desde palangreiros de superficie a superarrastreiros de 80 metros de eslora, con un valor total aproximado superior aos 250 millóns de euros.

Trátase de atopar fórmulas que aseguren a renovación da flota pesqueira nos estaleiros da comunidade, tendo en conta os datos que deben axudar a valorar a importancia de este segmento de actividade para o sector da construción e reparación naval.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten avaliado a Xunta de Galicia neste último ano o impacto que tería no naval galego a proposta de renovar a flota pesqueira de altura nos nosos estaleiros?
2. En caso de non ser así, ten pensado facelo?
3. Si xa se ten producido algunha xuntanza, cal é a posición da Xunta de Galicia a hora de apoiar a este sector ante as anunciadas posibles inversións da flota pesqueira de altura?
4. Ten algunha estratexia definida a curto e medio prazo?
5. Cales serían as liñas de apoio principais que conformarían esta estratexia?
6. Ten mantido contacto cos diversos organismos do Goberno de España que se poderían involucrar no proxecto?
7. E cos organismos europeos?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro de 2018

Asdo.: Abel Losada Alvarez
José Manuel Pérez Seco
María Dolores Toja Suárez
Julio Torrado Quintela
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 12:37
Nº Rexistro: 22048
Data envio: 03/01/2018 12:37:11.307

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/01/2018 12:14:30

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/01/2018 12:14:35

María Dolores Toja Suárez na data 03/01/2018 12:14:40

Julio Torrado Quintela na data 03/01/2018 12:14:46

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 15.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.2 23013(10/POC-003801)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia en relación coas actuacións de mellora levadas a cabo nas prazas de abastos galegas

Publicación da iniciativa, 246, 24.01.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 10:35
Nº Rexistro: 23013
Data envio: 15/01/2018 10:35:45.455

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Cristina Romero Fernández, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Isabel Novo Fariña, Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira e **Sandra Vázquez Domínguez,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Os mercados e as prazas de abastos se configuran como pezas estratéxicas da dinamización do comercio de proximidade ao tempo que espazos xeradores de emprego e riqueza nas vilas e cidades nas que se localizan

Os nosos mercados representan sen dúbida unha oportunidade para o sector comercial galego ao poder configurarse como os mellores escaparates para o noso produto local e de calidade ofrecendo aos consumidores unha nova experiencia de compra máis persoal e especializada

Con localizacións privilexiadas e de interese turístico, os mercados teñen un gran potencial para converterse en auténticas incubadoras empresariais de novas experiencias comerciais, e por iso supoñen hoxe un reto ineludible tanto para as administracións como para os comerciantes, que deben procurar a súa actualización e o incremento da súa competitividade e atractivo para os clientes.

Por isto, modernizar a imaxe destes espazos comerciais e mellorar as súas infraestruturas debe ser un dos obxectivos prioritarios. Por isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai a Xunta de Galicia das actuacións de mellora acometidas nas prazas de abastos galegas?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 15/01/2018 10:26:37

Maria Antón Vilasánchez na data 15/01/2018 10:26:45

Moisés Blanco Paradelo na data 15/01/2018 10:26:51

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2018 10:35
Nº Rexistro: 23013
Data envio: 15/01/2018 10:35:45.455

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

María Isabel Novo Fariña na data 15/01/2018 10:26:57

Marta Novoa Iglesias na data 15/01/2018 10:27:04

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/01/2018 10:27:12

Sandra Vázquez Dominguez na data 15/01/2018 10:27:20

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 15.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.3 23609(10/POC-003936)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre o prazo de apertura para o albergue de peregrinos e peregrinas de Ourense, a súa accesibilidade e as actuacións que vai levar a cabo Turismo de Galicia para dar a coñecer esta nova infraestrutura

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 17:10
Nº Rexistro: 23609
Data envio: 18/01/2018 17:10:02.357

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Ourense leva anos agardando un albergue propio e público na zona vella para o acollemento das e dos peregrinos que visitan a cidade ao realizar a ruta da Prata, que ten recibido máis de nove mil visitas.

No ano 2016 Xunta de Galiza e Concello chegaron a un acordo para, co valor final adxudicado de 615.754,48 euros, reformar un emblemático edificio da rúa Barreira, no epicentro da zona vella e a carón das Burgas.

As obras, iniciadas a comezos de agosto de 2016, deberan estar finalizadas segundo as afirmacións públicas de Xunta de Galiza e Ourense. Máis aínda, nas últimas semanas fóronse retirando progresivamente as casetas e valados de obra que rodeaban o edificio.

Por isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Cal é o prazo de apertura para o albergue de peregrinos e peregrinas de Ourense?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 17:10
Nº Rexistro: 23609
Data envio: 18/01/2018 17:10:02.357

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cales son as razóns de que non estivera disponibilizado ao público con anterioridade á primeira quincena de xaneiro?

-Cal é finalmente o seu equipamento?

-Está garantida a súa accesibilidade?

-Cal é a contía económica final do seu acondicionamento?

-Que actuacións vai levar a cabo Turismo de Galiza para dar a coñecer esta nova infraestrutura?

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 18/01/2018 17:08:18

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2018 17:10
Nº Rexistro: 23609
Data envio: 18/01/2018 17:10:02.357

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 18/01/2018 17:08:23

Ana Pontón Mondelo na data 18/01/2018 17:08:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/01/2018 17:08:33

Olalla Rodil Fernández na data 18/01/2018 17:08:34

Xosé Luis Bará Torres na data 18/01/2018 17:08:36

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 15.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.4 23917(10/POC-003977)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do arranxo das deficiencias existentes no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Arzúa

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 13:32
Nº Rexistro: 23917
Data envio: 23/01/2018 13:32:11.353

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco, Xoaquín Fernández Leiceaga, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

A Xunta de Galicia elaborou "O Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021" que, segundo expón, suporá unha ferramenta de xestión para a Xunta de Galicia e unha folla de ruta que marcará as directrices para favorecer a conservación e a protección do Camiño na nosa comunidade.

O dito Plan director consta de 4 obxectivos, 5 retos e 4 eixes de desenvolvemento coas súas liñas estratéxicas

No seu apartado 4. Retos e visión compartida. Establécese que a visión é "Un camiño de todos para todos, un camiño adaptado para o peregrino de 2021, e un camiño modelo demostrador internacional.

No apartado 8. Visión desexada no 2021. Deséñase unha Etapa Modelo tipo na que se reflicte como se visualiza o Camiño para acoller ao peregrino do 2021 en materia de aloxamentos, servizos ao peregrino, conservación das rutas e do patrimonio, etc.

Para acadar esta Etapa Modelo en todo o Camiño, vanse a abordar as accións de xeito coordinado entre os distintos axentes no marco de cada ruta atendendo aos seus anos por Camiño, previamente establecidos.

Deste xeito, establécese para o ano 2017 a consecución das accións necesarias para acadar o obxectivo da etapa modelo nos itinerarios dos Camiño Francés, Camiño Fisterra Muxía e do Camiño Inglés.

Este obxectivo, establece como vai ser o camiño que vai acoller ao peregrino do 2021, o estándar de como vai quedar cada un dos itinerarios sobre os que se vai actuar:

Servizos ao peregrino:

- Xestión enerxética, hídrica e de residuos eficiente
- Wifi na rede de albergues públicos

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 13:32
Nº Rexistro: 23917
Data envio: 23/01/2018 13:32:11.353

- Profesionais cualificados: idiomas
- Oferta gastronómica
- Produtos artesáns
- Oferta cultural
- Camiño limpo e en bo estado
- Xestión integral dos residuos
- Áreas de descanso cada 20 Km.
- Asistencia sanitaria
- Acceso a internet gratuíto no trazado do camiño
- Conservación do Patrimonio cultural
- Plantación de especies autóctonas
- Núcleos de poboación e patrimonio etnográfico protexido e rehabilitado
- Rutas alternativas para BBT e persoas con mobilidade reducida
- Sinalización: Mouteira oficial cda 0,5 km e cartel direccional en cada cruce ou tramo que o precise
- Fonte de auga potable cada 20 Km
- Áreas habilitadas para bebedoiros de animais
- Seguridade viaria: sen cruces perigosos, rutas peonís alternativas

Pero a realidade dista moito de cumprir este obxectivo de etapa modelo nos itinerarios indicados, pois son varias as deficiencias que se detectan nos tres itinerarios:

- Existencia de cruces moi perigosos, sen rutas alternativas.
- Deficiencia na sinalización do camiño, con falta de homologación nalgúns tramos do camiño.
- Deficiente accesibilidade para persoas con diversidade funcional e/ou mobilidade reducida, tanto no camiño como nos albergues públicos.
- Albergues sen sinalización para as persoas con diversidade funcional.
- Deficiencia na conectividade, cun 80% dos tramos galegos sen Wifi libre e aberta
- Escaseza de fontes con auga potable, así como de bebedoiros para animais.
- Animais abandonados en tramos do camiño
- Campañas de promoción non artelladas conxuntamente coas deputacións e os concellos afectados
- Escaso apoio da Consellería de cultura en determinados concellos por onde pasa o camiño

No paso do camiño de Santiago polo concello de Arzúa, as deficiencias son varias:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 13:32
Nº Rexistro: 23917
Data envio: 23/01/2018 13:32:11.353

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

- O pavimento empedrado en Boente está en mal estado, provocando a caídas das persoas peregrinas.
- O pavimento de Ribadesiso está en mal estado, levantado nalgúns tramos, o que provoca caídas nas persoas peregrinas.
- Falla de saneamento na zona do albergue público de Ribadesiso.
- Mal estado do camiño entre A Taberna Vella e a Calzada na parroquia de Burres.
- Falla de soterramento do tendido eléctrico.

Ante esta situación a deputada e os deputados que asinan preguntan:

Cando se van arranxar estas deficiencias que poñen en perigo as persoas peregrinas que pasan polos nosos camiños?

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/01/2018 12:57:59

Jóse Manuel Pérez Seco na data 23/01/2018 12:58:08

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/01/2018 12:58:18

Abel Fermín Losada Álvarez na data 23/01/2018 12:58:51

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 15.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

2.5 24112(10/POC-004015)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 6 máis

Sobre a suficiencia das xestións realizadas polo Igape e os demais departamentos da Administración autonómica co Comité de empresa de Maderas Iglesias para garantir a súa viabilidade e o mantemento de todos os seus postos de traballo no concello do Porriño

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24112
Data envio: 24/01/2018 19:02:55.814

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo e Paula Quinteiro Araújo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 6.ª.**

Situación.

Maderas Iglesias é unha empresa situada en Porriño dedicada principalmente á produción de tarima flotante, que chegou a ser o primeiro fabricante do Estado e o terceiro mundial, e que chegou a contar cun cadro de persoal de case mil traballadoras e traballadores.

Destaca laboralmente o feito que case o 80% deste cadro son mulleres.

Nos últimos anos, e debido a unha inaxeitada xestión empresarial, a empresa sufriu 7 ERES, cunha diminución ata menos dos 300 traballadores/as, algúns dos cales acumulan xa 400 días de paro a consecuencia desta situación. No momento actual pesa sobre o cadro de persoal un ERE de 140 e a ameaza da total extinción da actividade.

Este desenlace tería unhas tráxicas consecuencias laborais e sociais en toda a comarca, ao supoñer o despedimento dun persoal altamente especializado e maioritariamente feminino, cunha especial dificultade de reinserción laboral nalgún caso pola longa traxectoria neste único sector.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24112
Data envio: 24/01/2018 19:02:55.814

No momento de rexistro desta iniciativa, os salarios do mes de decembro de 2017 estaban pendentes de aboamento.

Paradoxicamente, a empresa é viable economicamente e o produto que ofrece é de alta calidade e de aprezada nos mercados de todo o mundo, onde operou con éxito no último decenio. Posúe ademais unha nutrida rede de clientes que non obstante foron as decisións empresariais as que desviaron a súa demanda a outras empresas.

O IGAPE.

Durante os anos anteriores, o IGAPE avalou determinadas adquisicións de máquinas para a empresa, sen que pola contra tivese intervido nos termos que esta posición lle facultaba (segundo os propios estatutos do IGAPE e demais normativa reguladora) para asegurar a viabilidade do proxecto empresarial avalado, posición que ademais pode quedar comprometida no caso do fracaso da actividade da entidade.

É posible pois unha intervención máis activa do IGAPE en aras a procurar a correcta xestión dos activos da empresa e asegurar a súa remontada.

O Parlamento de Galicia.

O Parlamento de Galicia pronunciouse unanimemente no mes de outubro de 2017 a prol dunha intervención activa da administración na solución dos problemas que aqueixan Maderas Iglesias e a salvagarda de todos os postos de traballo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24112
Data envio: 24/01/2018 19:02:55.814

Posteriormente, nunha xuntanza levada a cabo o 27 de decembro, os grupos parlamentarios renovaron o seu compromiso co futuro de Maderas Iglesias, por unanimidade.

As conversas entre o IGAPE, a Consellería de Industria e o Comité de Empresa.

Tras unha posta ao día da situación real, que a administración ignoraba a verdadeira entidade dos problemas de xestión e económicos da empresa, dende o IGAPE só se produciu o compromiso de contactar coas partes implicadas, isto é, administración, acredores, empresa e traballadores.

O compromiso, escaso de por si, non foi acompañado dun calendario de actuacións futuras nin de dación de conta por parte da administración das xestións realizadas, o cal resulta fundamental dado que o tempo corre na contra das persoas traballadoras, polos tempos que marca o propio ERE e máis polos propios temores de descapitalización da empresa que poda facer o empresario.

Esta situación fai inaprazable coñecer cal é o resultado ata o momento desas xestións, en que consistiron e se iso garante a continuidade da empresa e dos postos de traballo.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **PREGUNTA,** para a súa resposta oral na Comisión 6.ª

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24112
Data envio: 24/01/2018 19:02:55.814

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Resulta suficiente a xestión realizada polo IGAPE e demais departamentos da administración que participaron nas conversas co Comité de empresa de Maderas Iglesias para garantir a viabilidade da empresa e de todos os postos de traballo?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Francisco Casal Vidal
Carmen Santos Queiruga
Marcos Cal Ogando
Eva Solla Fernández
Juan José Merlo Lorenzo
Paula Quinteiro Araújo
Deputadas e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 24/01/2018 18:51:38

Francisco Casal Vidal na data 24/01/2018 18:51:54

Carmen Santos Queiruga na data 24/01/2018 18:52:06

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24112
Data envio: 24/01/2018 19:02:55.814

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Marcos Cal Ogando na data 24/01/2018 18:52:13

Eva Solla Fernández na data 24/01/2018 18:52:22

Juan José Merlo Lorenzo na data 24/01/2018 18:52:30

Paula Quinteiro Araújo na data 24/01/2018 18:52:38